



Imaxe da banda deseñada gañadora do 2017 feita polo alumnado de educación infantil do CEIP Manuel Acuña de Ourense

CONCURSOS ESCOLARES

No Correlingua comezamos o ano con moitas ganas de recibir todas as propostas do alumnado para os concursos de **manifesto**, **vídeo** e **banda deseñada**.

Na nosa web (www.correlingua.gal) podedes atopar as **bases** dos concursos e os formularios de inscrición. O prazo para **inscribirse** remata o **1 de febreiro**. Para **enviar** os manifestos haberá prazo ata o 15 de febreiro, mentres que os vídeos e as BDs poderán entregarse ata o 15 de marzo. As propostas deberán ter en conta o lema deste ano: **a lingua non para!** A que esperades para anotarvos?

INSCRICIÓN NAS FESTAS FINAIS

Na súa 18 edición o Correlingua volverá pasar por 12 cidades e vilas galegas para transmitir a súa mensaxe normalizadora, desta volta arredor do lema **a lingua non para**. En www.correlingua.gal poderedes atopar o calendario coas datas e os lugares polos que pasará o Correlingua, así como os formularios de inscrición. Para as festas finais, o prazo de inscrición remata o 15 de abril.

Entre todas e todos facemos **que a nosa lingua non pare no ensino!**

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), na páxina de Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua A lingua non para](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@correlingua.gal e correlingua@gmail.com.